

N

TURGALICIA
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 159
27 MAIO-2 XUÑO '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



www.turgalicia.es



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/ Uruguai 2, 3º dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: imaxenova@imaxenova.com

GALIZA, DESTINO DE CONGRESOS

TURGALICIA reforza a promoción en Europa da oferta galega para o Turismo de reunións e incentivo

A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, **TURGALICIA**-Dirección Xeral de Turismo, participa, ata o vindeiro día 29 de maio, na Feira CONFEC de Malta, nunha xuntanza de traballo con profesionais dos mercados de congresos e reunións de negocios. Dedicado á comercialización de produtos deste tipo nos distintos mercados mundiais, o certame maltés constitúe unha boa oportunidade para promover en Europa as posibilidades do Turismo de negocios galego.

A promoción enmárcase dentro dunha serie de accións, iniciadas os pasados días 9 e 10 de maio, na illa italiana de Cerdeña, encamiñadas a reforzar a promoción desta modalidade turística en Galiza, que terá lugar durante os vindeiros meses.

Así, responsables de **TURGALICIA** participaron nun obradoiro de traballo *Full contact* con 20 comercializadores desta modalidade turística, co obxecto de dar a coñecer nos mercados centroeuropeos os recursos con que conta Galiza.

No ámbito do Turismo de negocios, **TURGALICIA** mantén un amplo programa de promoción ao longo de todo o ano que posibilita a presenza do sector e os seus produtos turísticos nos principais mercados do mundo.

Deste xeito, ao longo de



Imaxe do vestíbulo do Parador de Turismo de Baiona, unha das infraestruturas galegas destinadas ao Turismo de reunións.

2008, a sociedade pública galega estará presente en 11 feiras para a promoción do Turismo de negocios en distintos contornos internacionais e organizará obradoiros de traballo especializados con Turespaña, participará en xuntanzas corporativas, asinará acordos especiais con intermediarios e asistirá a diferentes salóns específicos do sector.

O Goberno galego unifica a sinalización turística de Galiza

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto da Consellería de Innovación e Industria no que se regulará a sinalización turística de Galiza para unificar a imaxe corporativa do Turismo galego en destino e mellorar as condicións de accesibilidade e coñecemento dos seus recursos.

A nova normativa estable-

ce o Catálogo de sinais turísticos de Galiza e os seus usos. Así, a sinalización realizarase de dous xeitos distintos: mediante elementos identificadores, que incluírán a imaxe visual corporativa e os elementos gráficos corporativos, e os sinais turísticos, con frechas direccionais, tipografía e cor únicas e pictogramas.

A sinalización será dinámica, en estradas, e estática, nos cascos urbanos. As estradas contarán con sinais de benvida ao País e ao concello correspondente, sinais direccionais e un localizador de recurso, mentres que os cascos urbanos contarán con sinais direccionais para o tráfico rodado e peonil.